

Recomendacións na instalación de xestores de contidos e aplicacións

- Administración de arquivos
 - Acceso FTP dende xestores de contidos
 - Carpetas privadas
- Recomendacións específicas para xestores de contidos
 - WordPress
 - Base do espazo (.htaccess)
 - Cambio do dominio (siteurl)
 - Reiniciar contrasinal do administrador
 - Actualizacións FTP
 - Joomla
 - Ubicación de directorios temporais
 - Joomla 1.x non funciona correctamente
 - Contao
 - PHPWCMS

Administración de arquivos

Acceso FTP dende xestores de contidos

Algúns xestores de contidos (Joomla, Wordpress, etc.), para actualizar o propio software, para actualizacións, instalar ou borrar plugins, etc., precisan acceder por FTP ó propio servidor onde está a páxina web. Nestes casos os datos de conexión que se deben indicar son:

- Servidor FTP: localhost.uvigo.es
- Protocolo: FTP (é preferible neste caso, no que temos un acceso ó propio servidor, non empregar cifrado)
- Usuario: O mesmo que se empreg para actualizar o espazo web (usuario, ou usuario@uvigo.es)
- Raíz: /public (normalmente é suficiente indicar a ruta relativa dentro do espazo web)

Carpetas privadas

 Moitas aplicacións precisan ter carpetas privadas para:

- Librerías
- Zonas de datos non publicados directamente (moodledata de Moodle)
- Zonas de datos privados


Para este fin o espazo web dispón da carpeta "private", que é a que debe empregarse para aloxar estes arquivos. A ruta de esta carpeta no servidor é:

```
/var/www/vhosts/usuario/private/
```

Recomendacións específicas para xestores de contidos

WordPress

Base do espazo (.htaccess)

 A base do espazo web xa non está nun subdirectorio, polo que non é preciso o RewriteBase que se tiña nalgúns espazos ou compre indicalo como:

.htaccess

```
<IfModule mod_rewrite.c>
RewriteEngine On
RewriteBase /
RewriteRule ^index\.php$ - [L]
RewriteCond %{REQUEST_FILENAME} !-f
RewriteCond %{REQUEST_FILENAME} !-d
RewriteRule . /index.php [L]
</IfModule>
```

Revise sempre tamén a configuración en wp-config.php, en particular:

```
[...]
$base = '/';
define( 'DOMAIN_CURRENT_SITE', 'usuario.webs.uvigo.es' );
define( 'PATH_CURRENT_SITE', '/' );
[...]
```

Cambio do dominio (siteurl)

Se se cambia o dominio, é preciso indicar a Wordpress que se reconfigure para elo, o xeito máis sinxelo é:

- No tema empregado (wp-content/themes/tema-que-sexa), no arquivo functions.php, incluír o seguinte código **ó principio do arquivo**:

functions.php

```
<?php
// Cambiar URL
update_option('siteurl','http://usuario.webs.uvigo.es');
update_option('home','http://usuario.webs.uvigo.es');
....
```

- Acceder ó sitio web
Este acceso tardará máis do habitual, porque está facendo modificacións na base de datos
En principio cun acceso ó sitio chegaría para que aplique o cambio, pero o mellor é navegar algo por él, ata estar seguros de que se aplica.
- Borrar estas liñas (ou comentalas) en functions.php
Se quedan aplicadas reconfigurará isto en cada acceso, ralentizando enormemente o sitio.

Poden atopar máis información ó respecto [nesta páxina](#).

Reiniciar contrasinal do administrador

No mesmo arquivo que o indicado anteriormente, no tema de WordPress:

- No tema empregado (wp-content/themes/tema-que-sexa), no arquivo functions.php, incluír o seguinte código **ó principio do arquivo**:

functions.php

```
<?php
// Cambiar contrasinal do usuario
wp_set_password('password-que-prefiras',1) ;
....
```

- Acceder ó sitio web
Este acceso tardará máis do habitual, porque está facendo modificacións na base de datos
- Borrar estas liñas (ou comentalas) en functions.php
- Entrar como administrador
 - URL: <http://usuario.webs.uvigo.es/wp-admin>

- Usuario: admin
- Password: A indicada no exemplo

Actualizacións FTP

O acceso FTP emprégase dende o propio Wordpress para actualizar a instalación do mesmo (parches de wordpress, temas, plugins, ...)

Compre indicar:

- Servidor: localhost.uvigo.es (ou 127.0.0.1)
- Usuario e contrasinal: os mesmos que empregue para acceder ó sitio por FTP/SFTP

Información de conexión

WordPress necesita acceder ao teu servidor web para realizar a acción solicitada. Introduce as túas credencias FTP para proceder. Se non lembrás as túas credenciais, contacta co teu provedor de servizos.

Nome de host

Nome de usuario FTP

Contrasinal FTP

Esta contrasinal non se almacenará no servidor.

Tipo de conexión

FTP FTPS (SSL)

Cancelar

Realizado

Joomla

! Por motivos de seguridade e estabilidade é moi importante que empregue as últimas versións estables de [Joomla](#)

Ubicación de directorios temporais

Indique mellor unha ubicación fora do espazo publicado (directorio "public"), xa ten definida unha ubicación para isto, indique en configuration.php (cambiando "usuario" polo seu usuario):

configuration.php

```
...  
public $tmp_path = '/var/www/vhosts/usuario/tmp';  
...
```

Joomla 1.x non funciona correctamente

 A solución definitiva pasa por migrar Joomla a unha versión soportada.

Como parche temporal, para que Joomla 1.x funcione:

1. Reemplace en includes/Cache/Lite/Function.php, a chamada a `func_get_args` por este código:

```
// $arguments = func_get_args();
// inicio parche php 5.3+
$arguments = func_get_args();
$numargs = func_num_args();
for($i=1; $i < $numargs; $i++){
    $arguments[$i] = &$amp;arguments[$i];
}
// fin parche php 5.3+
```


2. En includes/vcard.class.php, comprobar antes da función "quoted_printable_encode", se esta está definida

```
if (!function_exists('quoted_printable_encode')) {
    function quoted_printable_encode($input, $line_max = 76) {
        ...
    }
}
```

Contao

Contao ten algúns requisitos específicos:

- Precisa que se reescriban todos os .html para que se reenvíen a index.php
- Compre eliminar as cabeceras HTTP seguintes: X-Forwarded-Server, X-Forwarded-Host
Contao as interpreta mal, este erro está documentado en: <https://github.com/contao/core/issues/4615>


 De non seguir estas recomendacións Contao pode ter un comportamento impredecible (chega a borrar ou sobreescribir os datos da páxina web).

 [Fichero .htaccess modelo para Contao](#)

```
.htaccess

RewriteEngine On
RequestHeader unset X-Forwarded-Host
RequestHeader unset X-Forwarded-Server
RequestHeader unset Connection
Header unset X-Forwarded-Host
Header unset X-Forwarded-Server
Header unset Connection
...
# Se os arquivos estan en usuario.webs.uvigo.es/ruta/ en lugar de en usuario.webs.uvigo.es
RewriteBase /ruta
...
# Reescribe os .html a index.php
RewriteRule .*\.html$ index.php [L]
```

PHPWCMS

 En realidade esta é a configuración por defecto, pero en webs que veñen migradas do servidor antigo, no que foi preciso que fixesen axustes para adaptarse á configuración do mesmo, é preciso indicar como valeiro (valor por defecto) a raíz (root) do sitio.

include/inc_conf/config.inc.php

```
<?
// database values
$phpwcms["db_host"]           = "localhost.uvigo.es:3306";
$phpwcms["db_user"]          = "usuario";
$phpwcms["db_pass"]          = "password-base-datos";
$phpwcms["db_table"]         = "taboa";
$phpwcms["db_prepend"]       = "";
$phpwcms["db_pers"]          = 0;

// site values
$phpwcms["site"]              = "http://usuario.webs.uvigo.es/";
$phpwcms["admin_email"]      = "usuario@uvigo.es";

// paths
$phpwcms["root"]              = "";           //default: ""
[...]
```

include/inc_lib/config.inc.php

```
<?
// database values
$phpwcms["db_host"]           = "localhost.uvigo.es:3306";
$phpwcms["db_user"]          = "usuario";
$phpwcms["db_pass"]          = "password-base-datos";
$phpwcms["db_table"]         = "taboa";
$phpwcms["db_prepend"]       = "";
$phpwcms["db_pers"]          = 0;

// site values
$phpwcms["site"]              = "http://usuario.webs.uvigo.es/";
$phpwcms["admin_email"]      = "usuario@uvigo.es";

// paths
$phpwcms["root"]              = "";           //default: ""
[...]
```